

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

10194 *Real decreto 776/2020, do 25 de agosto, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armas Navais.*

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armas Navais creouse ao abeiro do Decreto 713/1964, do 12 de marzo, polo que se autoriza a súa constitución, e configúrase como un colexio de ámbito e carácter nacional.

Os seus estatutos, que foron aprobados pola Orde do 7 de abril de 1965, non sufriron ningunha modificación até o momento e, por tanto, non foron adaptados á lexislación vixente.

Ante a dispersión normativa existente até 1974 en materia de colexios profesionais, aprobouse a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, modificada pola Lei 74/1978, do 26 de decembro, de normas reguladoras dos colexios profesionais, que os configura como corporacións de dereito público. Así mesmo, o artigo 36 da Constitución española prevé un mandato constitucional ao establecer que a lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos colexios profesionais, cuxa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

Posteriormente, tiveron lugar outras modificacións neste ámbito, a través da Lei 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e colexios profesionais, e do Real decreto lei 6/2000, do 24 de xuño, sobre medidas urxentes de intensificación da competencia no mercado de bens e servizos.

Por outra parte, co obxectivo de impulsar a mellora da regulación do sector servizos en Europa foi aprobada a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior. A transposición da dita directiva deu lugar a un proceso lexislativo iniciado coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e, posteriormente, coa Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que teñen como finalidade establecer como réxime xeral o da liberdade de acceso ás actividades e o seu libre exercicio en todo o territorio español. Estas normas afectan, entre outros moitos, o ámbito dos colexios profesionais e, concretamente, o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armas Navais, no ámbito da actividade privada dos ditos enxeñeiros, no cal, se for o caso, poderá imporse por lei a colexiación obrigatoria, dado que a colexiación non é requisito para o exercicio das capacidades profesionais dos membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 42.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Por isto, tanto para adaptar os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armas Navais á recente evolución lexislativa como para incorporar as novidades que supón a lexislación derivada da chamada Directiva de servizos, é necesaria a aprobación deste real decreto.

Durante a tramitación deste real decreto solicitáronse os informes dos ministerios da Presidencia, de Economía e Facenda e de Política Territorial e, posteriormente, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do Ministerio de Economía e Competitividade.

Por todo o anterior, este real decreto adecúase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Conforme o artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este real decreto consta incluído no plan anual normativo de 2020.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de agosto de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armas Navais, en diante, o Colexio, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Competencias das comunidades autónomas.*

A regulación contida nos estatutos aprobados por este real decreto enténdese sen prexuízo de que as comunidades autónomas poidan constituír, ao abeiro das súas competencias, colexios de enxeñeiros de armas navais nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Disposición transitoria única. *Permanencia transitoria dos membros dos órganos reitores.*

Os membros dos órganos reitores do Colexio, na data de aprobación destes estatutos, permanecerán nos seus cargos até a conclusión do período de tempo para o cal foron elixidos, e as vacantes que se produzan cubriranse de acordo coa nova normativa estatutaria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 7 de abril de 1965 pola que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armas Navais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de agosto de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ

ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS DE ARMAS NAVAIS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza, ámbito e réxime xurídico.*

1. O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Armas Navais, en diante, o Colexio, é unha corporación de dereito público, recoñecida e amparada polo artigo 36 da Constitución española, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

2. O Colexio é de ámbito nacional e poderán incorporarse a el os enxeñeiros de armas navais que estean en posesión do título de enxeñeiro de Armas Navais, expedido pola Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Armas Navais, sen que poida producirse na súa incorporación ningún tipo de discriminación por motivos de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidade, lingua ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

A profesión de enxeñeiro de Armas Navais figura entre as profesións reguladas no anexo VIII do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, que continúa vixente de conformidade coa disposición derogatoria única, punto 2, do Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI), e o Ministerio de Defensa é a autoridade competente nos termos previstos no artigo 4.2 do citado real decreto.

A sede do Colexio radicarán en Madrid.

3. O Colexio rexerase pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, por estes estatutos, polas súas normas propias e demais lexislación aplicable. Os acordos, decisións e recomendacións do Colexio tomaranse tendo en conta os límites da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 2. *Colexiación e exercicio da profesión.*

1. Será requisito indispensable acharse incorporado ao Colexio para exercer a profesión no ámbito privado, cando así o estableza unha lei estatal.

2. Aos profesionais doutros Estados membros da Unión Europea que presten servizos en España seralles de aplicación o principio de libre prestación de servizos establecido no título II do Real decreto 581/2017, do 9 de xuño. O recoñecemento das cualificacións profesionais, por parte da autoridade competente española, permitiralles acceder á mesma profesión que aquela para a que estean cualificados no seu Estado membro de orixe e exercela cos mesmos dereitos que os nacionais españois, cando as actividades cubertas pola dita cualificación sexan similares.

Artigo 3. *Relacións coa Administración pública.*

O Colexio relaciónase coa Administración pública a través do Ministerio de Defensa.

CAPÍTULO II

Dos fins e funcións do Colexio

Artigo 4. *Fins.*

Os fins esenciais do Colexio son os seguintes:

- a) A ordenación do exercicio da profesión de enxeñeiro de Armas Navais e a súa representación institucional exclusiva, cando estea suxeita a colexiación obrigatoria.
- b) A protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos prestados polos seus colexiados.
- c) A defensa dos dereitos e dos lexítimos intereses profesionais dos colexiados, no exercicio civil da súa profesión de enxeñeiro de Armas Navais.
- d) Todos os demais fins que legalmente poidan ou deban desenvolver agrupacións profesionais do mesmo xénero.

Artigo 5. *Funcións.*

As funcións do Colexio son:

- a) Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que poidan serlle solicitadas ou acorde formular por propia iniciativa.
- b) Facilitar aos tribunais, conforme as leis, a relación dos colexiados que poidan ser requiridos para intervir como peritos nos asuntos xudiciais ou desígnalos o propio Colexio, segundo proceda.
- c) Desempeñar a representación e defensa da profesión ante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten intereses profesionais e exercer o dereito de petición conforme a lei.
- d) Visar os traballos profesionais dos colexiados, no seu ámbito de competencia, nos termos previstos no artigo 13 da Lei 2/1974, do 3 de febreiro, unicamente cando se solicite a petición expresa dos clientes ou cando así o estableza o Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio. O visado en ningún caso comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación queda suxeita ao libre acordo entre as partes, nin tampouco comprenderá o control técnico dos elementos facultativos do traballo profesional.
- e) Atender as solicitudes de información sobre os seus colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lle formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, conforme os termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio.
- f) Organizar delegacións territoriais, conforme o artigo 23.
- g) Organizar e desenvolver as institucións de previsión e beneficencia que se consideren convenientes para os colexiados ou os seus familiares.
- h) Impulsar os labores científicos e culturais establecendo colaboracións con institucións que poidan estar relacionadas coas súas actividades profesionais.
- i) Exercer as medidas disciplinarias que se impoñan aos colexiados por incumprimento das prescricións legais, deste estatuto e das normas e decisións ditadas polo órgano de goberno do Colexio.
- j) Orientar e propor, a través do Ministerio de Defensa, as aspiracións da profesión.
- k) Participar na elaboración dos plans de estudo, cando sexa requirido expresamente polos centros correspondentes, e manter contacto coa Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Armas Navais, co fin de facilitar aos novos profesionais unha orientación para o desempeño da súa actividade profesional.

l) Aquelas que, aínda que non relacionadas anteriormente, redunden en beneficio dos intereses profesionais dos Colexiados.

m) Cantas funcións sexan necesarias para contribuír á mellor protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos Colexiados.

Artigo 6. *Portelo único e servizo de atención aos consumidores.*

O Colexio disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, os enxeñeiros de Armas Navais poidan, de forma sinxela, gratuíta e a distancia, realizar todos os trámites relativos á Colexión, ao seu exercicio e á súa baixa no Colexio. Esta páxina «web» debe permitir tamén acceder ao rexistro dos Colexiados, ao rexistro de sociedades profesionais, ás vías de reclamación e aos recursos en caso de conflito entre consumidor ou usuario e un Colexiado ou o Colexio profesional, aos datos de asociacións a que se poden dirixir os consumidores e ao contido do código deontolóxico.

Así mesmo, disporá dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios, que necesariamente tramitará e, se for o caso, resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade Colexial ou profesional dos Colexiados presente calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais, así como asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses. A regulación deste servizo deberá prever a presentación de queixas e reclamacións por vía electrónica e a distancia.

CAPÍTULO III

Dos órganos gobernativos e administrativos do Colexio

Artigo 7. *Estrutura.*

Os órganos que rexen o Colexio son a Xunta de Goberno e a Xunta Xeral.

Sección 1.ª Da Xunta de Goberno

Artigo 8. *Funcións.*

A Xunta de Goberno asumirá a representación da personalidade xurídica do Colexio e a súa dirección e administración, para a consecución dos seus fins, con facultades de delegar e apoderar.

Artigo 9. *Composición.*

A Xunta de Goberno estará formada por un decano, un vicedecano, un secretario, un administrador e un vogal por cada trinta Colexiados ou fracción de trinta, sen que nunca poida exceder dez o número destes vogais.

Os membros da Xunta de Goberno nomearanse por libre elección entre todos os Colexiados.

Artigo 10. *Duración e renovación dos cargos.*

A duración dos cargos da Xunta de Goberno será de dous anos, que se renovarán anualmente por metade, da forma seguinte: o decano, o secretario e a metade dos vogais, nos anos impares, e o vicedecano, o administrador e a outra metade dos vogais, nos anos pares. Todos os cargos da Xunta de Goberno son reelixibles.

Artigo 11. *Elección dos cargos.*

1. A provisión destes cargos efectuaráase a Xunta Xeral de Colexiados mediante eleccións, que se celebrarán cada ano e nas cales terán dereito de voto todos os Colexiados que estean incorporados ao Colexio, que non presenten incompatibilidades por razón dos seus cargos profesionais e que gocen da plenitude dos seus dereitos Colexiais. Bastará, para ser elixido, a obtención de maioría simple de votos válidos, segundo se establece neste estatuto.

2. Poderá ser designado candidato á Xunta de Goberno todo Colexiado que, tendo a condición de elector, se encontre no exercicio da profesión de enxeñeiro de Armas Navais, non estea incurso en prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria e que sexa proposto por dez Colexiados en escrito dirixido á Xunta de Goberno, que teña entrada antes do día anterior ao da data fixada para a celebración das eleccións.

3. A mesa electoral estará constituída polo decano e o secretario da Xunta de Goberno ou aqueles que regulamentariamente os substitúan e tres interventores, que serán o elector máis antigo e o máis moderno, que estean presentes no momento de comezar a elección, e outro nomeado libremente polo decano.

4. Os electores ausentes poderán enviar o seu voto en sobre pechado e asinado exteriormente. Este sobre irá dentro doutro que chegará á Secretaría do Colexio, por correo ou entregado en man, antes da data do recuento dos votos. Aberto o sobre exterior e recoñecida a sinatura polo secretario, pasará á mesa electoral, onde o seu presidente o abrirá e depositará o voto na urna. Serán válidos os votos emitidos a través de medios electrónicos dispostos para tal fin.

5. Efectuado o escrutinio polos membros da mesa electoral, inserirase a acta correspondente no libro de actas do Colexio.

Artigo 12. *Toma de posesión.*

Dentro dos quince días seguintes a que se celebre a elección, efectuarase unha reunión da Xunta de Goberno onde tomarán posesión dos seus cargos os novos compoñentes e cesarán os precedentes.

Artigo 13. *Funcións da Xunta de Goberno.*

Dun modo especial correspóndelle:

a) Resolver sobre a admisión dos enxeñeiros de Armas Navais que desexen incorporarse ao Colexio, así como tramitar e autorizar as peticións de baixas dos Colexiados.

b) Repartir equitativamente entre os Colexiados os custos vinculados ao sostemento do Colexio e propoñer á aprobación da Xunta Xeral a contía das cotas, tanto ordinarias como extraordinarias, así como as contías das inscricións no Colexio; estas últimas non deben exceder os custos asociados aos trámites correspondentes.

c) Encargarse do cobramento dos honorarios profesionais, nos casos en que os Colexiados soliciten este servizo.

d) Participar nos procedementos de elaboración de disposicións de carácter xeral que afecten a profesión, a través do trámite de audiencia.

e) Confeccionar o anuario de Colexiados.

f) Comunicar aos Colexiados as normas para o exercicio da súa profesión.

g) Elaborar a memoria anual, que deberá facerse pública a través da páxina «web» do Colexio no primeiro semestre de cada ano, e que debe incluír, ao menos, a información seguinte:

1.º Informe anual de xestión económica, incluídos os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

2.º Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

3.º Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, se for o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

4.º Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se for o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

5.º Os cambios no contido do código deontolóxico.

6.º As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de Goberno.

7.º Información estatística sobre a actividade do visado.

h) Exercer a potestade disciplinaria que regula o estatuto do Colexio.

i) Comunicar ao Ministerio de Defensa, dentro dos cinco días desde a constitución da Xunta de Goberno ou renovación dos seus cargos, a composición dos órganos elixidos e o cumprimento dos requisitos legais.

Artigo 14. *Convocatorias das reunións.*

A Xunta de Goberno reunirse ao menos semestralmente. Tamén se reunirá cando o indique o decano ou o soliciten dous dos seus compoñentes.

Artigo 15. *Obrigatoriedade de asistencia.*

A asistencia ás reunións da Xunta de Goberno é obrigatoria e só poderán escusarse os seus compoñentes por motivos de enfermidade ou outra causa que, a xuízo da Xunta de Goberno, se considere plenamente xustificada.

Artigo 16. *Sistema de votación e actas.*

1. Os acordos da Xunta de Goberno, que se consignarán nas oportunas actas, serán tomados por maioría de votos, calquera que sexa o número de asistentes, e, en caso de empate, decidirá o voto do decano.

2. As actas poderanse aprobar ao finalizar cada sesión ou na reunión seguinte do mesmo órgano.

Artigo 17. *Decano.*

1. O decano desempeñará a representación da Xunta de Goberno e, por tanto, a do Colexio. Estará facultado para estender poderes, autorizará, coa súa sinatura, a execución ou cumprimento dos acordos, ordenará os pagamentos, presidirá as xuntas xerais e a de Goberno e as comisións a que asista, e dirixirá as súas deliberacións.

2. En caso de ausencia, enfermidade ou imposibilidade, será substituído polo vicedecano e, na súa falta, polo membro máis antigo da Xunta de Goberno.

Artigo 18. *Vicedecano.*

O vicedecano substituirá o decano en caso de ausencia, enfermidade ou imposibilidade e levará a cabo todas aquelas funcións que, dentro da orde colexial, delegue nel o decano.

Artigo 19. *Secretario.*

Corresponde ao secretario:

- a) Convocar a Xunta Xeral, Xunta de Goberno e comisións que ordene o decano.
- b) Redactar as actas e dar validez coa súa sinatura e o visto e prace do decano, se for o caso, aos acordos e certificacións.
- c) Dirixir as oficinas e custodiar o selo, os libros e a documentación do Colexio.
- d) Será ademais o xefe nato do persoal administrativo e subalterno.

Artigo 20. *Administrador.*

O administrador recadará e custodiará os fondos do Colexio, pagará os libramentos que expida o decano, formulará mensualmente a conta de ingresos e gastos do mes anterior e, anualmente, a do exercicio económico xa vencido, e redactará os orzamentos anuais que a Xunta de Goberno deba presentar á aprobación da Xunta Xeral.

Artigo 21. *Suplencia do secretario e o administrador.*

No caso de ausencia ou enfermidade do secretario ou do administrador, serán substituídos polos vogais que determine a Xunta de Goberno, por proposta do decano.

Artigo 22. *Carácter dos cargos.*

Todos os cargos da Xunta de Goberno son puramente honoríficos e non se pode percibir polo seu exercicio remuneración ningunha. Non obstante, a Xunta de Xeral poderá acordar, se as circunstancias así o aconsellan, a concesión da retribución que considere oportuna a aqueles dos seus membros que, pola misión que se lles asigne, teñan necesidade de prestar unha dedicación continuada á xestión dos asuntos colexiais.

Artigo 23. *Delegacións territoriais.*

A Xunta de Goberno poderá organizar delegacións de ámbito territorial, que exercerán funcións delegadas da Xunta de Goberno.

Sección 2.ª Das xuntas xerais ordinarias e extraordinarias

Artigo 24. *Xunta Xeral.*

1. A Xunta Xeral estará composta por todos os colexiados.
2. Corresponde á Xunta Xeral de colexiados:
 - a) A proposta de aprobación dos estatutos do Colexio e as súas modificacións. Esta aprobación ou modificación non producirá efectos até que se cumpran os requisitos que, para a aprobación dos estatutos, establece o artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.
 - b) A aprobación do orzamento e das contas anuais, así como a xestión da Xunta de Goberno exposta por esta na memoria, que someterá ao seu exame, resumindo a súa actuación durante o ano anterior.
 - c) Aprobar as normas xerais que deban seguirse nas materias da competencia do Colexio.
 - d) Tomar acordos sobre os asuntos incluídos na orde do día, ben por iniciativa da Xunta de Goberno ou pola dun grupo de colexiados que sume ao menos o 5 por 100 destes.
 - e) A elección e renovación dos membros da Xunta de Goberno conforme o establecido nos artigos 10 e 11 destes estatutos.

Artigo 25. Convocatorias.

1. Haberá Xunta Xeral ordinaria unha vez ao ano e nela tratarase, ao menos, a seguinte orde do día:

- a) Discusión e, se for o caso, aprobación da xestión da Xunta de Goberno no ano anterior, logo de informe do decano.
- b) Discusión e, se for o caso, aprobación da conta de ingresos e gastos do ano anterior.
- c) Discusión e, se for o caso, aprobación do orzamento presentado pola Xunta de Goberno.
- d) Lectura, discusión e, se for o caso, aprobación dos ditames e proposicións que se consignent na orde do día.
- e) Rolda de intervención libre.
- f) Renovación dos cargos da Xunta de Goberno que corresponda conforme estes estatutos.

2. Celebrarase Xunta Xeral extraordinaria, logo de convocatoria cursada pola Xunta de Goberno, por iniciativa desta ou dun número de colexiados non inferior á décima parte da totalidade.

3. As xuntas xerais extraordinarias só poderán ocuparse dos asuntos obxecto da convocatoria.

4. As xuntas xerais constituiranse, en primeira convocatoria, con asistencia da maioría absoluta dos colexiados, ou, en segunda convocatoria, media hora despois da anunciada, calquera que sexa o número de asistentes.

5. Os acordos serán adoptados por maioría simple dos votos presentes ou delegados.

6. As xuntas xerais ordinarias convocaranse por escrito aos colexiados, xuntando a orde do día, con quince días de antelación e as extraordinarias con, ao menos, dez días. Nos casos de urxencia, que se xustificará ante a Xunta Xeral, poderase acurtar o prazo da convocatoria, que non poderá ser inferior aos dez días.

Artigo 26. Votacións.

1. Os colexiados que residan fóra de Madrid e aqueles que por causa xustificada non poidan asistir á reunión da Xunta Xeral poderán delegar o seu voto, para os fins non comprendidos nos artigos 9, 10 e 43, noutro colexiado asistente á Xunta Xeral. As delegacións deberán constar na secretaría do Colexio con fins de control, ao menos unha hora antes da sinalada para o comezo da reunión.

2. As votacións serán xeralmente ordinarias, nominais, se así o solicitan dez asistentes, e secretas cando afecten o decoro dalgún dos colexiados e o soliciten cinco asistentes.

3. Para o cómputo das maiorías teranse sempre en conta tanto os votos presentes como os delegados.

Artigo 27. Actas.

1. Das sesións da Xunta Xeral redactarase unha acta en que se fará constar, sucintamente, o ocorrido e acordado nela, e transcribíranse literalmente as proposicións que se presentan e as manifestacións que se desexe que consten na acta.

2. Poderanse aprobar ao finalizar cada sesión ou na reunión seguinte do mesmo órgano.

Artigo 28. Vinculación dos acordos.

Os acordos tomados nas xuntas xerais obrigarán todos os colexiados.

CAPÍTULO IV

Do réxime económico do ColexioArtigo 29. *Recursos económicos.*

1. No ámbito económico e patrimonial, o Colexio terá a capacidade xurídica necesaria para o cumprimento dos seus fins.
2. Constitúen os seus recursos económicos os seguintes:
 - a) Os produtos de bens e dereitos que correspondan en propiedade ao Colexio.
 - b) A cota de inscrición dos colexiados.
 - c) A cota periódica ordinaria que, obrigatoriamente, deberán satisfacer os colexiados.
 - d) Os beneficios que obtivese por publicacións.
 - e) As subvencións, dereitos, donativos ou calquera axuda deste xénero, que lle concedan as administracións públicas, corporacións oficiais, empresas ou particulares.
 - f) Os bens mobles ou inmobles que por herdanza, doazón ou calquera outro negocio lucrativo ou oneroso pasen a formar parte do patrimonio do Colexio.
 - g) Os xuros do capital, pensións e beneficios de toda especie que poidan producir os bens que constitúen o seu patrimonio.
 - h) As cantidades que por calquera outro concepto legal non especificado poida percibir o Colexio.

CAPÍTULO V

Do ingreso no Colexio e dos dereitos e deberes dos colexiados*Sección 1.ª Adquisición e perda da condición de colexiado*Artigo 30. *Adquisición da condición de colexiado.*

1. Corresponde á Xunta de Goberno aprobar as solicitudes de incorporación, que só poderán ser suspendidas ou denegadas por ela, logo das dilixencias e informes que procedan, audiencia ao interesado e mediante resolución motivada, contra a que caberán os recursos procedentes.

O prazo máximo para resolver e notificar a solicitude de incorporación é de tres meses desde a data de rexistro de entrada da solicitude. No caso que non se resolva e notifique, a solicitude entenderase estimada por silencio positivo, sempre que se cumpran obxectivamente os requisitos imprescindibles para a colexiación.

2. Para a inscrición no Colexio, será requisito imprescindible:
 - a) A xustificación de estar en posesión da titulación de enxeñeiro de Armas Navais referida no artigo 1.2, ter recoñecida a súa formación e o exercicio da profesión en España polo Ministerio de Defensa, se procede dun Estado membro da Unión Europea ou formación que fose homologada cumprindo os requisitos legalmente establecidos.
 - b) Non ter sido declarado legalmente incapacitado ou inhabilitado para o exercicio da profesión.
 - c) Non encontrarse suspendido de colexiación ou expulsado do Colexio por sanción disciplinaria colexial firme.
 - d) No caso de reingreso no Colexio, non deberá ter ningunha cota pendente de pagamento.
 - e) O pagamento da cota de inscrición que se determine, que en ningún caso poderá superar os custos asociados á tramitación da inscrición.

3. As persoas procedentes doutro Estado membro da Unión Europea que desexen exercer a súa profesión dentro do campo de actividade da profesión de enxeñeiro de Armas Navais en territorio español deberán realizar os trámites de recoñecemento da

súa titulación ou cualificación profesional, a través do Ministerio de Defensa, conforme as disposicións e os procedementos establecidos no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño.

4. Como establece o artigo 14 do Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, para a inscrición temporal no Colexio das persoas procedentes doutro Estado membro da Unión Europea, que desexen exercer a súa profesión dentro do campo de actividade da profesión de enxeñeiro de Armas Navais en territorio español, será suficiente a recepción no Colexio dunha copia da documentación preceptiva para exercer a prestación de servizos en España remitida polo Ministerio de Defensa.

Artigo 31. *Perda da condición de colexiado.*

A baixa no Colexio producirase:

- a) Por petición do colexiado.
- b) Por sanción disciplinaria de expulsión do Colexio que poña fin á vía administrativa.
- c) Por falecemento.
- d) Por sentenza xudicial firme de inhabilitación para exercer a profesión.

Artigo 32. *Trámites.*

Os trámites para darse de alta ou baixa no Colexio e outro tipo de xestións poderanse realizar por vía electrónica e a distancia.

Sección 2.^a Dos deberes e dereitos dos colexiados

Artigo 33. *Deberes.*

Son deberes dos colexiados os seguintes:

- a) Cumprir estritamente cantas prescricións conteñen estes estatutos, así como os acordos que validamente se adopten.
- b) Asistir aos actos corporativos.
- c) Someter ao visado do Colexio os traballos profesionais, nos casos establecidos no artigo 13.1 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto.
- d) Desempeñar as funcións que lles encomenden os órganos gubernativos do Colexio.
- e) Pagar as cotas e taxas que fosen aprobadas para o sostemento do Colexio ou para fins de previsión.
- f) Cumprir, con respecto aos órganos gubernativos do Colexio e aos enxeñeiros colexiados, os deberes de disciplina e harmonía profesional.

Artigo 34. *Dereitos.*

Os colexiados terán os seguintes dereitos:

- a) De permanencia no Colexio, salvo sanción en contra conforme o que se dispón no capítulo VI.
- b) Participar no uso e desfrute dos bens do Colexio e dos servizos que este teña establecidos, sempre que non prexudiquen os dereitos dos demais.
- c) Tomar parte nas deliberacións e votacións que neste estatuto se prevexan.
- d) Ao visado dos seus traballos polo Colexio nos termos fixados no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.
- e) Solicitar o amparo da Xunta de Goberno cando consideren lesionados ou menoscabados os seus dereitos ou intereses de profesional ou de colexiado ou os da Corporación.
- f) Pór en coñecemento da Xunta de Goberno todos os feitos que poidan afectar a profesión particular ou colectiva e que poidan determinar a súa intervención.

g) Ser representados e apoiados pola Xunta de Goberno nas súas reclamacións e nas negociacións motivadas por diferenzas que xurdan con ocasión do exercicio profesional, sempre que exista o oportuno apoderamento ou contrato de mandato, alcanzando esta representación e apoio ante calquera autoridade administrativa ou gobernativa e mesmo ante os tribunais de xustiza, se isto for necesario. Neste último caso, sen prexuízo da necesaria representación procesual cando sexa exixible.

h) Exercer a profesión en réxime de libre competencia estando suxeito, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e á Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal.

i) Exercer a súa profesión individualmente ou de forma conxunta en unión doutro ou doutros profesionais da mesma ou distinta actividade profesional. Neste caso, sempre que non estea prohibido por lei, como preceptúa o artigo 2.5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

j) Ao exercicio da profesión en forma societaria de conformidade coas leis.

k) A non ser discriminados na participación, así como no uso e o desfrute dos dereitos, servizos e calquera outro tipo de vantaxes derivadas da condición de colexiado.

CAPÍTULO VI

Do código deontolóxico e o réxime disciplinario

Artigo 35. *Capacidade sancionadora.*

1. A Xunta de Goberno poderá acordar e impor sancións aos seus colexiados polos actos que realicen ou omisións en que incorran no exercicio ou con motivo da súa profesión, así como por calquera outro acto ou omisión que lles sexan imputados como contrarios ao prestixio da profesión, á honorabilidade do Colexio, ao respecto aos seus compañeiros ou por incumprimento das normas de conduta destes estatutos, todo conforme o establecido nos tres artigos seguintes.

2. Con carácter subsidiario, será de aplicación o título preliminar, capítulo III, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á potestade sancionadora.

Artigo 36. *Normas de conduta profesional.*

Os colexiados prestarán especial dilixencia no cumprimento do seguinte código deontolóxico:

a) Respetar o ámbito competencial correspondente a outras titulacións distintas á de enxeñeiros de Armas Navais.

b) Antepor a seguridade pública en todas as actuacións profesionais.

c) Comunicar á Xunta de Goberno calquera información que estea relacionada cunha actitude improcedente doutro compoñente do Colexio.

d) Velar pola boa imaxe do colectivo nas súas actividades profesionais.

e) Protexer os clientes en todo o que establezan as leis e non utilizar información confidencial en beneficio propio.

f) Dar total preferencia á satisfacción dos clientes fronte aos intereses propios.

g) Manter unha imaxe digna e de prestixio do colectivo.

h) Realizar os traballos con profesionalidade dentro do marco legal establecido respectando a ética profesional.

i) Respetar as normas ambientais e as normas de prevención de riscos laborais en vigor, no deseño, desenvolvemento e execución dos seus proxectos.

j) Non aceptar traballos de carácter privado que incumpran a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, cando a citada lei resulte aplicable en atención ao ámbito subxectivo de aplicación.

Artigo 37. *Faltas e sancións.*

1. As faltas clasifícanse en leves, graves e moi graves.
2. As faltas leves sancionaranse con reprensión privada. Considéranse este tipo de faltas as seguintes:
 - a) Menosprezo manifesto das funcións dun compañeiro no exercicio da profesión ou dun membro da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións.
 - b) A comisión de incorreccións de carácter leve nos traballos profesionais.
3. As faltas graves sancionaranse con apercibimento por escrito. Considéranse este tipo de faltas as seguintes:
 - a) Non someter ao visado colexial os traballos que sexan preceptivos segundo o previsto no artigo 13.1 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e en virtude do previsto no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto.
 - b) Vulnerar a obrigaón de pór á disposición dos destinatarios dunha prestación de servizos a información exigida no artigo 22 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
 - c) A ocultación de datos que o Colexio necesite para exercer as súas funcións.
 - d) Incumprimento das normas establecidas nestes estatutos e nos acordos adoptados polos órganos reitores do Colexio.
 - e) Impagamento de dúas cotas colexiais consecutivas.
 - f) Os actos ou omisións que constitúan unha discriminación no desfrute dos dereitos, servizos e calquera outro tipo de vantaxes derivadas da condición de colexiado.
4. As faltas moi graves sancionaranse coa suspensión da colexiación por un período máximo dun ano ou a expulsión do Colexio. Considéranse faltas moi graves as seguintes:
 - a) Impagamento de tres cotas colexiais, logo de apercibimento por parte do Colexio.
 - b) Incumprimento de deberes profesionais inescusables que non obedeza a un descoido circunstancial.
 - c) Dano ou prexuízo grave a clientes ou usuarios.
 - d) Realizar traballos sen a preparación ou cualificación debidamente recoñecida, que poida pór en perigo os destinatarios destes ou terceiros.
 - e) A comisión de delito, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio da profesión, declarado por sentenza firme.

Artigo 38. *Imposición de sancións e tramitación do expediente.*

1. As sancións por faltas leves poderán imporse sen formación previa do expediente que se prevé a continuación e logo de audiencia do interesado, en que se lle farán saber os feitos que se lle imputan e as probas en que se basean.

Todas as demais sancións deberán ir precedidas de expediente instruído por un membro da Xunta de Goberno máis antigo que o encartado na posesión de título de enxeñeiro, con audiencia deste. O procedemento polo que se impoña a sanción non terá unha duración superior a tres meses.

2. O expediente incoarao a Xunta de Goberno do Colexio, por iniciativa propia ou por denuncia allea, sinalará, en calquera caso, as presuntas faltas e xuntará as probas oportunas.

3. Se a Xunta de Goberno considera que os feitos obxecto de expediente revisten unha extraordinaria gravidade, poderá acordar a suspensión provisional da colexiación do inculpado, mediante resolución motivada e logo de audiencia do interesado.

Esta suspensión poderá prolongarse até que conclúa o expediente disciplinario e se adopte unha resolución firme ao respecto, e a dita suspensión non pode ser superior a tres meses.

4. A Xunta de Goberno do Colexio dará traslado do citado expediente ao instrutor, cuxo nomeamento corresponde á propia Xunta de Goberno.

5. O suposto responsable da falta ten dereito a ser notificado da incoación do expediente disciplinario, dos feitos que se lle imputan, das infraccións que tales feitos poden constituír e das sancións que, se for o caso, se poidan impor, da identidade das persoas que configuran o órgano de instrución, da autoridade competente para impor a sanción e da norma que atribúa tal competencia.

Igualmente, ten dereito a formular alegacións e utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico que resulten procedentes.

6. Dentro do prazo de quince días seguintes á conclusión das actuacións, e á vista destas, o instrutor formulará a correspondente proposta de resolución.

Esta proposta de resolución fixará con precisión os feitos imputados ao inculpado e expresará a falta supostamente cometida e as sancións que se propón impor, con cita concreta do precepto estatutario aplicable.

7. Desta proposta de resolución darase traslado ao inculpado para que, no prazo improrrogable de quince días, poida alegar canto considere conveniente na súa defensa.

8. Concluída a instrución do expediente disciplinario, o instrutor dará conta da súa actuación e remitirá o expediente á Xunta de Goberno do Colexio para que esta adopte a decisión que considere oportuna.

9. A resolución deberá ser acordada na primeira Xunta de Goberno do Colexio que se celebre desde a recepción da proposta do instrutor, terá que ser motivada, resolverá todas as cuestións formuladas no expediente e non poderá versar sobre feitos distintos que os que serviron de base á proposta de resolución.

Esta resolución, que deberá ser notificada ao interesado, expresará os recursos que procedan contra ela, os órganos colexiais ou xudiciais ante os que deben presentarse e o prazo para interpoles, sen prexuízo de que o interesado poida exercer calquera outro que considere oportuno.

En caso de que non se dite resolución expresa dentro do prazo de tres meses desde que se iniciou o procedemento, producirase a súa caducidade e procederase ao arquivamento das actuacións.

10. No suposto de que a posible falta fose cometida por algún membro da Xunta de Goberno do Colexio, este absterase de participar nas deliberacións e votacións destes órganos.

11. Todas as deliberacións ao respecto da Xunta de Goberno do Colexio serán secretas.

Artigo 39. *Prescripción de faltas e sancións.*

1. As faltas leves prescribirán aos seis meses, contados a partir do día seguinte á data da súa comisión. As sancións polas faltas leves prescribirán aos seis meses, contados a partir do día seguinte en que se fixo firme a sanción.

2. Para as faltas tipificadas como graves e as sancións correspondentes, os tempos de prescripción serán dun ano.

3. De igual maneira, para as faltas e sancións tipificadas como moi graves os tempos de prescripción serán de dous anos. Nos casos de expulsión do Colexio, o tempo de prescripción será de cinco anos.

4. O prazo de prescripción da falta comezará a contar a partir da data da súa comisión e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución sancionadora ou se quebrante o cumprimento da sanción, se tiver comezado.

Os prazos de prescripción interromperanse pola iniciación do procedemento sancionador ou de execución, respectivamente, e o prazo reiniciarase se o procedemento está paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto infractor.

Artigo 40. Anotación e cancelación de sancións.

1. As sancións firmes impostas aos colexiados serán anotadas no seu expediente persoal, con indicación das faltas que as motivaron.

2. A cancelación da nota sancionadora producirase nos seguintes prazos contados a partir do cumprimento da sanción:

- a) En caso de falta leve, ao ano.
- b) En caso de falta grave, aos dous anos.
- c) En caso de falta moi grave, aos catro anos.
- d) En caso de expulsión, aos cinco anos.

Artigo 41. Recursos.

Contra a resolución en que se acorde a suspensión provisional da colexiación ou as sancións impostas pola Xunta de Goberno poderá interporse o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a dita xunta, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo coa dita lei.

CAPÍTULO VII

Réxime dos actos colexiais**Artigo 42. Recursos contra os actos colexiais.**

Os actos emanados dos órganos de goberno e administrativos do Colexio, en canto estean suxeitos a dereito administrativo, serán impugnables potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 43. Nulidade e anulabilidade.

Os actos dos órganos colexiais serán nulos de pleno dereito ou anulables conforme o establecido nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CAPÍTULO VIII

Disolución do Colexio**Artigo 44. Procedemento.**

O Colexio poderá disolverse cando o acorden catro quintas partes dos colexiados por votación directa, sen admitirse delegación de votos, en Xunta Xeral extraordinaria convocada especificamente para este obxecto. Neste caso e naqueles en que por causa allea á vontade do Colexio sexa este disolto, o Colexio acordará o nomeamento de liquidadores para que, unha vez satisfeitas as obrigacións sociais, se dedique o sobranse aos fins benéficos sociais, culturais ou profesionais que determine o dito Colexio.